

## ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DA CABANA DO DÍA 2 DE MAIO DE 2016

No local da Asociación de Veciños da Cabana, situado en O Pilar s/n A Cabana, Ferrol, sendo as 17:15 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio da Cabana cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	16	Nº de homes:	6
		Nº de mulleres:	10

### Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación dá a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Andrea Rico da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes da Cabana tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	Irene Teijeiro López
En representación de entidades	Cristóbal Manso Deibe (AVV San Antonio da Cabana)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
María Rodríguez Folgar
Irene Teijeiro López

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a

vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas da Cabana e que a modo de resumo son os seguintes:

- Construcción de beirarrúas.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 18:45 horas.

O concelleiro delegado da área de  
Participación, Novas Tecnoloxías  
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro